



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

X lexislatura  
Número 491  
21 de xuño de 2019



CSV: BOPGDSPG37qpdv4mj7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## SUMARIO

---

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.1. Procedementos de natureza normativa

##### 1.1.2. Propostas de normas

###### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

###### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Resolución da Presidencia, do 20 de xuño de 2019, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei do patrimonio natural de Galicia [10/PL-000016 (49936)]

[164222](#)

#### 1.3. Procedementos de control e impulso

##### 1.3.6. Proposicións non de lei

###### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

###### 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

#### Aprobación por unanimidade con modificacións

##### 48153 (10/PNC-003894)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e dous deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar a incidencia que está a ter para as persoas usuarias da estrada OU-636, entre A Pobra de Trives e Freixido, a desaparición, co novo pintado, das zonas de adiantamento que había nas rectas

[164223](#)

#### Aprobación por unanimidade sen modificacións

##### 49864 (10/PNC-004038)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e sete deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Ministerio de Fomento en relación co estudo técnico referido á viabilidade da execución dunha nova conexión desde a autovía da Costa da Morte ata o parque empresarial de Vimianzo

[164223](#)

#### Rexeitamento da iniciativa

##### 46641 (10/PNC-003749)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas peles de raposo interceptadas nun control da Garda Civil o 19 de febreiro en Ferrol e cos raposos abatidos nos campiónatos de caza levados a cabo en Galicia nos meses de xaneiro e febreiro

[164224](#)



**I 48170 (10/PNC-003897)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre a redacción e aprobación polo Goberno galego dos plans de conservación ou recuperación das aves e demais especies vulnerables ou en perigo de extinción [164224](#)

**I 48355 (10/PNC-003914)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre a implantación polo Goberno galego dun modelo de xestión de residuos que aplique o principio de proximidade no territorio, poñendo en funcionamento antes do remate da X lexislatura as plantas de xestión de lixo orgánico previstas no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia [164224](#)

**1.6. Procedementos de elección, designación e proposta de nomeamento****1.6.1. Senadores en representación da Comunidade Autónoma**

I Acordo da Mesa do Parlamento, do 21 de xuño de 2019, pola que se aceptan como candidatos a senadores en representación da Comunidade Autónoma de Galicia a D. José Manuel Sande García, D. Jesús Vázquez Abad e D<sup>a</sup> Elena Muñoz Fonteriz [164224](#)

**2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento****2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos****2.2.5. Composición das comisións**

I Resolución da Presidencia, do 20 de xuño de 2019, pola que se admite a trámite o escrito do portavoz do G. P. Popular de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo nas comisións parlamentarias (doc. núm. 51715) [164225](#)

**2.2.7. Composición das ponencias****COMISIÓN ESPECIAL NON PERMANENTE DE ESTUDO SOBRE A SEGURIDADE VIARIA EN GALICIA**

I Designación da Ponencia [164226](#)

**2.4. Organización e funcionamento do Parlamento****2.4.3. Convocatorias**

Sesión plenaria (día 25 de xuño de 2019, ás 10.00 horas) [164227](#)



## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

###### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

### **Resolución da Presidencia, do 20 de xuño de 2019, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei do patrimonio natural de Galicia [10/PL-000016 (49936)]**

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 51730, o escrito do G. P. dos Socialistas de Galicia polo que solicita a ampliación do prazo para a presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei do patrimonio natural de Galicia [10/PL-000016 (49936)].

A Presidencia, tendo en conta a inmediatez da conclusión do prazo —o día 24 de xuño de 2019—, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 31 de outubro de 2016, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 9, do 8 de novembro de 2016), resolve:

1º. Admitir a trámite o documento número de rexistro de entrada 51730, presentado polo G. P. dos Socialistas de Galicia.

2º. Ampliar, por terceira vez, o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei do patrimonio natural de Galicia [10/PL-000016 (49936)], ata o día 26 de xuño ás 18.30 horas.

3º. Dar conta deste acordo á Mesa e á Xunta de Portavoces.

4º. Notificar este acordo aos grupos parlamentarios.

5º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

### 1.3. Procedementos de control e impulso

#### 1.3.6. Proposicións non de lei

##### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

###### 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

### **COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS**

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na súa sesión do 20 de xuño de 2019, adoptou os seguintes acordos:



### Aprobación por unanimidade con modificacións

- 48153 (10/PNC-003894)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e dous deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar a incidencia que está a ter para as persoas usuarias da estrada OU-636, entre A Pobra de Trives e Freixido, a desaparición, co novo pintado, das zonas de adiantamento que había nas rectas  
BOPG nº 455, do 03.04.2019

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a incluír na obra de mellora do trazado e o deseño da estrada que a Xunta de Galicia ten para a OU-636 o repintado dela, valorando a modificación da sinalización horizontal que permita o adiantamento, sempre e cando se garanta o cumprimento das normas que regulan a distancia de visibilidade mínima necesaria en función da velocidade máxima permitida, co fin de priorizar, en todo caso, a seguridade viaria.»

### Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 49864 (10/PNC-004038)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e sete deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Ministerio de Fomento en relación co estudo técnico referido á viabilidade da execución dunha nova conexión desde a autovía da Costa da Morte ata o parque empresarial de Vimianzo  
BOPG nº 479, do 22.05.2019

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Tan pronto teña aprobado definitivamente o proxecto de prolongación da autovía da Costa da Morte, remitir ao Ministerio de Fomento o estudo técnico que se ten realizado sobre a viabilidade da execución dunha nova conexión desde esta vía de altas prestacións ata o parque empresarial de Vimianzo.

2. Dirixirse ao Ministerio de Fomento para solicitarlle a execución desta nova conexión co polígono de Vimianzo, como é o seu deber e responsabilidade, ao tratarse dun parque empresarial dependente de Suelo Empresarial del Atlántico, sociedade participada nun 83,44 % polo Ministerio de Fomento, co obxecto de incrementar o seu potencial e a súa competitividade.»



## Rexeitamento da iniciativa

- 46641 (10/PNC-003749)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas peles de raposo interceptadas nun control da Garda Civil o 19 de febreiro en Ferrol e cos raposos abatidos nos campionatos de caza levados a cabo en Galicia nos meses de xaneiro e febreiro

BOPG nº 437, do 27.02.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 48170 (10/PNC-003897)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre a redacción e aprobación polo Goberno galego dos plans de conservación ou recuperación das aves e demais especies vulnerables ou en perigo de extinción

BOPG nº 455, do 03.04.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 48355 (10/PNC-003914)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre a implantación polo Goberno galego dun modelo de xestión de residuos que aplique o principio de proximidade no territorio, poñendo en funcionamento antes do remate da X lexislatura as plantas de xestión de lixo orgánico previstas no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia

BOPG nº 458, do 09.04.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2019

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

## 1.6. Procedementos de elección, designación e proposta de nomeamento

### 1.6.1. Senadores en representación da Comunidade Autónoma

**Acordo da Mesa do Parlamento, do 21 de xuño de 2019, pola que se aceptan como candidatos a senadores en representación da Comunidade Autónoma de Galicia a D. José Manuel Sande García, D. Jesús Vázquez Abad e Dª Elena Muñoz Fonteriz**

Examínase o documento con número de rexistro de entrada 51700, remitido polo G. P. de En Marea, no que, en cumprimento do acordo da Mesa do Parlamento do día 18 de xuño de 2019, propón como candidato a senador en representación da Comunidade Autónoma de Galicia a D. José Manuel Sande García.



Así mesmo, examínase o documento con número de rexistro de entrada 51802, remitido polo G. P. Popular de Galicia, no que, en cumprimento do acordo da Mesa do Parlamento do día 18 de xuño de 2019, propón como candidatos a senadores en representación da Comunidade Autónoma de Galicia a D. Jesús Vázquez Abad e D<sup>a</sup> Elena Muñoz Fonteriz.

A estes escritos achéganse as declaracións de D. José Manuel Sande García, D. Jesús Vázquez Abad e D<sup>a</sup> Elena Muñoz Fonteriz de que aceptan ser candidatos e de que non están incurso nas causas de inelibilidade establecidas nos artigos 6 e 154.1 da Lei Orgánica de réxime electoral xeral.

A Mesa, dado que se cumpren os requisitos legais esixidos, adopta o seguinte acordo:

1º. Aceptar como candidatos a senadores en representación da Comunidade Autónoma de Galicia as seguintes persoas:

- D. José Manuel Sande García
- D. Jesús Vázquez Abad
- D<sup>a</sup>. Elena Muñoz Fonteriz

2º. Comunicar este acordo ás deputadas e aos deputados convocados á sesión plenaria do día 25 ás 10.00 horas.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2019  
Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente

## **2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento**

### **2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos**

#### **2.2.5. Composición das comisións**

#### **Resolución da Presidencia, do 20 de xuño de 2019, pola que se admite a trámite o escrito do portavoz do G. P. Popular de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo nas comisións parlamentarias (doc. núm. 51715)**

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 51715, o escrito do portavoz do G. P. Popular de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo nas comisións parlamentarias.

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 31 de outubro de 2016, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 9, do 8 de novembro de 2016), resolve:

1º. Tomar coñecemento dos seguintes cambios na representación do G. P. Popular de Galicia nas seguintes comisións parlamentarias:



— Comisión 4ª, Educación e Cultura  
Alta: Vázquez Domínguez, Sandra

— Deputación Permanente. Membros titulares  
Alta: Blanco Paradelo, Moisés

2º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa do Parlamento que teña lugar.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2019  
Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente

## 2.2.7. Composición das ponencias

### COMISIÓN ESPECIAL NON PERMANENTE DE ESTUDIO SOBRE A SEGURIDADE VIARIA EN GALICIA

A Comisión especial non permanente de estudo sobre a seguridade viaria en Galicia, na súa sesión do día 20 de xuño de 2019, adoptou o seguinte acordo:

Designación da Ponencia

- 814 (10/SCNP-000003)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Solicitud de creación Comisión non permanente de Estudio sobre a seguridade viaria en Galicia  
BOPG nº 16, do 17.11.2016

G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Xosé Luís Bará Torres (titular)

Dona María Montserrat Prado Cores (suplente)

G. P. dos Socialistas de Galicia (S):

Don Luis Manuel Álvarez Martínez (titular)

Dona Patricia Vilán Lorenzo (suplente)

G. P. de En Marea (EM):

Don Marcos Cal Ogando (titular)

Dona Julia Torregrosa Sañudo (suplente)

G. P. Popular de Galicia (P):

Dona Julia Rodríguez Barreira (titular)

Don Martín Fernández Prado (suplente)

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2019

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª





## 2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

### 2.4.3. Convocatorias

#### Sesión plenaria (día 25 de xuño de 2019, ás 10.00 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar una sesión plenaria específica o próximo día 25 de xuño de 2019, ás 10.00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 18 de xuño de 2019, a orde do día da sesión é a seguinte:


Punto único. Designación de senadoras ou senadores representantes da Comunidade Autónoma de Galicia (artigo 165.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia).

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

